

**CONVOCATORIA DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A
CONTRATACIÓN, MEDIANTE CONTRATO EN RÉXIME TEMPORAL, DE
PERSOAL DE APOIO Á INVESTIGACIÓN PARA O CINBIO-
UNIVERSIDADE DE VIGO
(Centro Singular De Investigación De Galicia 2016-2019)**

Publicase esta convocatoria, de conformidade coas bases expostas a continuación, do procedemento para a selección para a contratación de persoal de acordo á axuda concedida ao Centro Singular CINBIO (Centro de Investigacións Biomédicas) da Universidade de Vigo, por resolución do 24 de novembro de 2016 pola que se conceden as axudas da Orde do 11 de agosto de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das ***Axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación singulares e agrupacións estratéxicas consolidadas do SUG, cofinanciadas polo Feder, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.***

Tendo en conta a necesidade de que o proceso obxecto da presente convocatoria poida ser rematado en prazo segundo a instrución 5/2016 do 20 de decembro, da Secretaría Xeral de Universidades, se aplicará o procedemento de tramitación de urxencia previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas.

BASES QUE REGULAN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE CONTRATO EN RÉXIME TEMPORAL, DE PERSOAL DE APOIO Á INVESTIGACIÓN PARA O CENTRO SINGULAR CINBIO

1. OBXECTO

A presente convocatoria ten por obxecto a selección de persoal para a contratación laboral temporal segundo a relación e características que se especifican no Anexo I que contén a praza ofertada.

2. REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Os/as aspirantes deberán cumprir, á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, tanto os requisitos xerais para o acceso, como os específicos para as prazas que se convocan.

Requisitos Xerais

- Ter cumprida a idade mínima e non ter alcanzado a idade de xubilación establecidas no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Ter capacidade funcional para o desempeño das tarefas do perfil solicitado.
- Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desempeño de funcións públicas.
- Non se esixen requisitos específicos en canto a nacionalidade ou residencia dos solicitantes para a participación nos procesos selectivos. Non obstante a contratación de persoas de nacionalidade estranxeira non comunitaria, requirirá a presentación, nun prazo máximo de tres meses, do permiso que lles autorice para traballar de acordo co disposto na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social. Se transcorrido este prazo non obtivera o correspondente permiso decaerán nos seus dereitos.

Requisitos Específicos

Os/as restantes requisitos para a praza convocada son os especificados no **Anexo I** desta convocatoria.

3. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os aspirantes deberán presentar a documentación requirida nun prazo de dez días hábiles, a partires do día seguinte da publicación da presente resolución na páxina web do CINBIO (<http://cinbio.es/en/category/job-opportunities/>). Dito prazo rematará o **15 de Outubro de 2017** (ás 16:00 hora local).

A solicitude, en modelo normalizado publicado como Anexo II deste documento, e demais documentación enviarase a cinbio@uvigo.es.

É imprescindible indicar no asunto do correo a referencia da praza solicitada

O/A solicitante deberá acompañar, obrigatoriamente, a seguinte documentación no momento da presentación da solicitude:

- Impreso de solicitude (**Anexo II**)
- Currículum vitae con indicación expresa dos méritos.
- Documentos xustificativos de todos os requisitos e méritos alegados.
- Documentos esixidos en cada perfil (carta presentación, outros).

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes publicaranse na páxina web do CINBIO (<http://cinbio.es/en/category/job-opportunities/>) ás listas de persoas admitidas e excluídas provisionais, abrindo un prazo de 5 días hábiles para emendar os erros e achegar a documentación necesaria, a partir do día seguinte da publicación da listaxe. No caso de que todas as persoas aspirantes figuren admitidas, darase por cumprido este trámite.

Transcorrido ese prazo publicaranse as listas definitivas de persoas admitidas e excluídas.

Os datos persoais recollidos na solicitude teñen carácter obrigatorio e serán tratados pola Universidade de Vigo para a organización da docencia e o estudo, así como para o exercicio das demais funcións propias do Servizo Público de Educación Superior, reguladas na Lei Orgánica de Universidades e nos Estatutos da Universidade de Vigo.

O/A solicitante estará de acordo en que os seus datos persoais sexan recollidos, tratados, e de ser o caso, cedidos para os seguintes fins: xestión administrativa e académica do seu expediente, oferta e presentación de servizos universitarios, realización de estatísticas, proxectos de investigación, avaliacións, enquisas e seguimento dos servizos universitarios prestados, así como a realización de accións destinadas ao fomento do emprego e prácticas en empresas. O responsable do tratamento destes datos é a Universidade de Vigo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao seu tratamento exercitarase ante a Universidade de Vigo.

RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

Cada Comisión, para elaborar a proposta de resolución da convocatoria de selección, ordenará as solicitudes dos aspirantes de maior a menor puntuación, correspondendo a proposta de adxudicación á persoa aspirante con maior puntuación.

Completado o proceso de selección, publicaranse na páxina web do CINBIO (<http://cinbio.es/en/category/job-opportunities/>) os resultados provisionais, establecéndose un prazo de reclamacións de 5 días hábiles. Vistas as reclamacións ou transcorrido dito prazo sen que se tivese presentado ningunha, publicaranse os resultados definitivos.

Cada Comisión de selección poderá, si así está previsto, configurar unha lista de agarda coas persoas con mellor puntuación para atender as posibles necesidades derivadas do proxecto ou baixas.

A Comisión de selección en caso de evidenciarse a inadecuación dos méritos dos aspirantes ao perfil obxecto da convocatoria poderá declarar deserta de forma motivada a convocatoria de selección convocada.

ANEXO I POSTO OFERTADO

CINBIO 24. Responsable da Unidade de Xestión. Centro Singular.

Perfil : O Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO) ofrece **un posto a tempo completo para un/unha Responsable da Unidade de Xestión (Centro Singular).**

Requisitos:

O/A candidato/a debe estar en posesión dun grao/licenciatura universitaria. Avaliaranse positivamente cursos/formacións específicas en xestión de proxectos de I+D, innovación ou transferencia.

Habilidades:

- O/A candidato/a debe contar con experiencia previa, mínimo tres anos, na xestión de Proxectos Internacionais e nacionais.
- Experiencia en mobilidade.
- Habilidades lingüísticas en inglés (nivel alto oral e escrito).
- Habilidades na redacción de informes e de comunicación.
- Nivel alto de Ofimática.

Salario: O salario bruto é de 1969€/mes. Inclúe o salario neto e a seguridade social do empregado. Non inclúe a indemnización final e os custes da seguridade social da empresa.

Duración: Un ano (comezando en Decembro 2017) con posibilidades de renovación.

Criterios de avaliación:

- Grao ou licenciatura universitaria.
- Formación académica relacionada co posto. Cursos/formacións relacionadas coa xestión de proxectos de I+D, innovación ou transferencia.
- Currículo e experiencia. Debe demostrarse experiencia na xestión de proxectos internacionais/nacionais.
- Nivel de inglés.

Documentación a enviar:

1. Impreso de Solicitud (Anexo II).
2. Curriculum vitae (por favor, nomear o arquivo como CV-nome-referencia). E aqueles documentos que acrediten a titulación esixida.
3. Carta de presentación que conteña un resumo da carreira e experiencia do/a candidato/a. 1 páxina en formato pdf (por favor, nomear o arquivo como CP- apelido-referencia).

Comisión de avaliación:

Prof. África González-Fernández

Prof. Ángel Rodríguez de Lera

Prof. Federico Mallo Ferrer

Dr. Isabel Pastoriza Santos

Dr. Florentino Fdez-Riverola

Criterios de avaliación:

Curriculum vitae – 60%

Formación/Cursos específicos relacionados co posto– 20%

Entrevista – 20%

ANEXO II MODELO DE SOLICITUDE

**CONVOCATORIA DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A
CONTRATACIÓN, MEDIANTE CONTRATO EN RÉXIME TEMPORAL, DE
PERSOAL DE APOIO Á INVESTIGACIÓN PARA O CINBIO- UNIVERSIDADE
DE VIGO**
(Centro Singular De Investigación De Galicia 2016-2019)

DATOS PERSOAIS DO SOLICITANTE:	
Nome e Apelidos :	NIF:
Enderezo:	Localidade:
Teléfono 1:	Teléfono 2:
Correo electrónico:	

POSTO SOLICITADO:

- ☐ **CINBIO 24. Responsable da Unidade de Xestión. Centro Singular.**

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- ☐ Impreso de solicitude (anexo II)
- ☐ Currículum vitae. Documentos relativos á titulación esixida.
- ☐ Carta de presentación.
- ☐ Outros (indicar):

O/A solicitante declara a certeza dos datos consignados nesta solicitude e manifesta coñecer e aceptar as bases da presente convocatoria.

En _____, a _____ de _____ de 2017.

Sinatura da persoa solicitante.